



MEMORIA 2020




**Usuari@s de residencia e traballador@s de APACAF
tras o confinamento no centro A Braña**



APACAF

**Asociación de Pais de Persoas
con Trastorno do Espectro Autista de Centros de Apoio Familiar**



SEDE SOCIAL

APACAF

Rúa Placer, 5-3ºB
36202 VIGO
☎ 986226647

CENTRO

A Braña

Lg./ Pereiro, 18. Berres
A Estrada 36688
Desde 1988
☎ 986 587475

CENTRO

A Penagrande

Lg./ Penagrande, 1. A Laxe-
Moraña 36660
Desde 2009
☎ 986 686749

ACREDITACIÓN E CERTIFICACIÓN:



Certificación de calidade
ISO 9001:2015



Acreditación de Transparencia
e Boas Prácticas




Certificación produción
horta ecolóxica

PREMIOS:



Premio Territorios
Solidarios do BBVA



Premio ao desenvolvemento
rural do AGADER

DECLARADA DE UTILIDADE PÚBLICA NO DOG Nº 93 DO 13/05/2011 CO Nº DE REXISTRO 2004/6990-1



SUMARIO

	QUEN SOMOS
4	Alianzas
5	Carta da presidenta
6	Historia, Misión, Visión, Valores
7	Cómo nos organizamos.
	OS NOSOS SERVIZOS
8	Residencia
9	Centro de día
10/11	Respiro
	OS NOSOS PROGRAMAS
	IMPACTO COVID-19
18	A crise sanitaria
19	O confinamento no centro A Braña
20	A resposta social
21	Colaboracións e doazóns
	A XESTIÓN ECONÓMICA
22/23	Ingresos e gastos
24/25	Distribución de ingresos e gastos
	COMUNICACIÓN
	COLABORADORES
27	Fundación Tutelar FUNDITEA
28	Os nosos patrocinadores



ALIANZAS



Confederación Autismo España

Socio desde 1994



Federación Autismo Galicia

Socio fundador desde 1995



FUNDITEA

Fundacion Tutelar para a Promoción de Persoas con Discapacidade particularmente Trastorno do Espectro Autista

Convenio de colaboración

Coral Polifónica de Berres

Promotores de varios concertos benéficos a prol de APACAF




Convenios con:

Centro Médico de A Estrada

Universidade de Vigo

Universidade de Santiago

Concello de A Estrada



Carta da presidenta de APACAF

Recoñecemento a todo o equipo de APACAF, neste ano de pandemia

M^a José Ferradáns Villar
Presidenta de APACAF



Estimad@s amig@s:

Vaia por diante o enorme **agradecimento** a todo o equipo de APACAF que soubo navegar durante todo un ano de pandemia, facendo fronte a tódalas incertidumes e protocolos que foron xurdindo chegando ao mellor porto de todos: ningunha incidencia.

Despois de recibir a segunda dose da vacina en xaneiro do 2021, xa podemos ver cara ao futuro con esperanza pero con prudencia quedando aínda case toda a poboación por vacinar.

Sobrevivir unha crise sanitaria desta natureza foi posible grazas ao esforzo de todos e faise necesario extender o agradecimento á toda a contorna social que prestou axuda nos primeiros momentos cando

todo eran incertidumes pero tamen á xenerosidade coa que se aceptou deixar ao noso colectivo no primeiro grupo de vacinación.

Sendo o noso colectivo de alto risco, pasamos moito medo e o confinamento foi unha medida dura de levar, sen embargo, neste momento no que xa podemos pensar con tranquilidade, podemos valorar os aspectos positivos que tivo esta crise.


O máis importante é que cando se supera unha gran dificultade, sempre se sae máis reforzado e cun maior grao de autoestima.

Pero tamén aprendemos que a tecnoloxía veu para quedar: non só as asembleas e reunións de xunta directiva pódense facer por internet se-

non que tamén as redes sociais foron de axuda para manter o contacto. Todos tivemos que poñernos ao día no manexo de plataformas, ata os máis reticentes, e foi para ben. Sen embargo, tamén valoramos máis o contacto persoal que non se pode substituír polas fotos, vídeos e videoconferencias.

Por tanto, espero que a próxima asemblea de xuño poida celebrarse xa con normalidade e poidamos compartir sentimentos aínda que mantendo a distancia e con mascarilla. Moitas grazas a todos.

Unha forte aperta,



María José Ferradáns Villar



HISTORIA, VISIÓN E MISIÓN

FITOS HISTÓRICOS

Ano 1988, ábrese o Centro “**A Braña**” froito do esforzo dun grupo de familias para atender as necesidades especiais de persoas con Trastorno do Espectro Autista.

Ano 1993, decídese en asemblea xeral constituír unha asociación que asuma a xestión do centro, creándose así **APACAF**, a entidade que agora asume a súa titularidade.

Ano 2005, creouse o primeiro servizo de **residencia de 365 días** ó ano, formando un fogar de residentes estable de 4 persoas con TEA que se ampliou no ano 2006 a 8 prazas. APACAF amplía os seus servizos a área de emprego con apoio, Plan Centrado na Persoa, mellora da calidade de vida...

Ano 2007, Creación da **Fundación Tutelar FUNDITEA**, para seguir prestando apoios cando a familia falte.

Ano 2008, ábrense as portas dun novo centro en A Penagrande, Moraña, polo que APACAF recibe un premio AGADER ás iniciativas de desenvolvemento rural. APACAF acada a certificación de calidade **ISO 9001:2008**.

Ano 2011, APACAF acada a certificación de COMPROMISO COA **EXCELENCIA EUROPEA**, EFQM e obtén a declaración de Utilidade Pública

Ano 2013, APACAF celebra os **25 anos** de apertura do centro A Braña

Ano 2014, APACAF recibe o **premio TERRITORIOS SOLIDARIOS** outorgado polos traballadores do Banco BBVA

Ano 2017 acreditación de **Transparencia** e Boas Prácticas a través da Fundación Lealtad

Ano 2018 elabórase un Plano de **Igualdade** entre Homes e Mulleres

Ano 2019 amplíase o servizo de residencia 365 días a **10 prazas**

VISIÓN

Ofrecer servizos inclusivos, innovadores e de excelencia para as persoas con autismo e as súas familias

MISIÓN


Mellorar a calidade de vida das persoas con autismo e as súas familias mediante servizos especializados e centrados na persoa co obxectivo de acadar os maiores niveis de autonomía persoal, inclusión social, integración laboral, saúde e benestar, e igualdade a través de proxectos de vida individualizados, integrados nunha contorna natural en grupos reducidos e nun ambiente familiar.



CÓMO NOS ORGANIZAMOS

Organigrama

ORGANIGRAMA DE APACAF





SERVIZO de RESIDENCIA

Un lugar para vivir



Centro A Braña

Parroquia de Berres

A Estrada, Pontevedra

10 persoas adultas con diversidade funcional conviven no centro **A Braña** en réxime de atención residencial terapéutica os 365 días do ano.

É un lugar para vivir no medio rural onde se priman: a autonomía persoal, a atención individual, a inclusión social e laboral e a saúde e o benestar emocional

Influencia da crise sanitaria:

O servizo mantívose activo todo o ano 2020 coa posta en funcionamento de todos os protocolos sanitarios e todas as medidas de prevención fronte ao Covid-19. Non se produciron incidencias sanitarias relacionadas coa pandemia.

Visita institucional

Antes do comezo da crise sanitaria, o Director Xeral de Discapacidade, D. Ildfonso de la Campa Montenegro visitou as instalacións do centro A Braña, o 24 de febreiro de 2020



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

SERVIZO COFINANCIADO POR:

Xunta de Galicia . Consellería de Política Social



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

Xunta de Galicia . Consellería de Economía. Programas de Cooperación



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

Xunta de Galicia: Consellería de Sanidade. Programa sociosanitario



Subvencionou o Proxecto de Obras de mantemento no centro A Braña



SERVIZO de CENTRO DE DÍA

Un lugar para aprender

Centro A Penagrande

A Laxe
Moraña, Pontevedra



5 persoas adultas con diversidade funcional acoden ao centro **A Penagrande**, en réxime de centro de día de luns a venres en horario de 10:00 a 18:00.



É un lugar para aprender onde se realizan actividades terapéuticas e de inclusión:

- Talleres de desenvolvemento persoal
- Talleres de inclusión social
- Actividades ao aire libre
- Actividades lúdicas

Excursión á área recreativa do Río Barosa antes da crise sanitaria

Influencia da crise sanitaria:

O servizo de centro de día do centro A Penagrande estivo cancelado dende a declaración do estado de alarma o 16 de marzo ata o mes de setembro de 2020, cando se reiniciaron as actividades con todos os protocolos sanitarios e de prevención.



SERVIZO COFINANCIADO POR:

Fundación FUNDITEA

Xunta de Galicia Consellería de Economía. P. Cooperación



SERVIZO DE RESPIRO

OCIO E TEMPO LIBRE

20 usuarios provenientes de diferentes concellos da xeografía galega acoden ao centro **A Braña** de xeito rotatorio todas as fins de semana, de venres a domingo, e nun campamento no verán para pasar un tempo de lecer e convivencia.

Actividades do servizo de ocio e tempo libre:

- actividades terapéuticas: musicoterapia, aula multisensorial, relaxación
- actividades na natureza: sendeirismo, deportes adaptados, coidado da horta ecolóxica
- actividades sociais: celebración de festas, saídas a cafetería, excursións



Influencia da crise sanitaria:

O servizo desenvolveuse con normalidade ata o 13 de marzo, cando se tivo que cancelar debido á crise sanitaria e á declaración do estado de alarma. O servizo non se puido retomar no resto do ano.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

SERVIZO COFINANCIADO POR:

Xunta de Galicia. Consellería de Política Social

Xunta de Galicia. Consellería de Política Social (IRPF: Programa de respiro familiar)



SERVIZO DE RESPIRO

OCIO E TEMPO LIBRE

Algunhas das actividades que se puideron realizar antes da crise sanitaria do Covid-19

Actividades de inclusión social: visita ao centro comercial Pontiñas de Lalín, visitas a cafetería, rutas de sendeirismo pola contorna.



Actividades Sociais:

Festas de aniversario e festa de Entroido (febreiro 2020)





PROGRAMAS

Programa de autonomía persoal

APACAF ten en funcionamento un programa de fomento da autonomía persoal das persoas usuarias dos seus servizos a través do apoio e acompañamento en talleres e nas actividades da vida diaria en cada momento do día e ao longo de todo o ano.

Para fomentar o desenvolvemento da autonomía persoal de cada persoa APACAF utiliza o marco das habilidades adaptativas, O desenvolvemento do programa realízase a través das seguintes actividades:

- Acompañamento e apoio nas actividades da vida diaria
- Aulas e talleres
- Acompañamento en actividades sociais de inclusión social
- Apoio psicolóxico



Programa de rehabilitación cognitiva e psicosocial

A rehabilitación cognitiva é básica para manter e mellorar as capacidades cognitivas das persoas con TEA e así poder xeneralizar o acadado nas actividades da vida diaria. As principais capacidades cognitivas adestradas son a atención, a memoria, a linguaxe, a comprensión, a aprendizaxe e as funcións executivas.

APACAF conta con persoal preparado e con experiencia en autismo que emprega ferramentas e técnicas orientadas a mellorar o benestar e a calidade de vida das persoas con TEA.



Subvencionado por



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



PROGRAMAS

Programa de inclusión social a través do deporte

APACAF ten en funcionamento ao longo de todo o ano un programa de inclusión social das persoas con TEA a través do deporte mediante a realización de actividades compartidas entre persoas con e sen discapacidade. Estas actividades convértese nunha ferramenta fundamental para acadar maiores niveis de coñecemento, concienciación social e inclusión social do colectivo das persoas con autismo. As actividades habituais do programa son:

- Curso de piscina semanal
- Rutas de sendeirismo pola contorna
- Actividades en espazos comunitarios



No ano 2020 tras a declaración do estado de alarma tivéronse que cancelar as actividades externas de inclusión social a través do deporte, pero o programa mantívose en activo durante o resto do ano nas instalacións do centro A Braña.

Subvencionado por  XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL
IRPF: Programa de participación Social

Programa de envellecemento activo

Programa específico de atención ao envellecemento activo das persoas adultas con TEA para fomentar un envellecemento saudable adaptado ás súas necesidades, fomentar hábitos de vida saudables, previr na medida do posible as enfermidades e promover a inclusión social e participación activa na sociedade.





PROGRAMAS

Programa de Emprego con Apoio

Temos en funcionamento o Programa de Emprego con Apoio (ECA) ao longo de todo o ano. O ideal é a contratación no mercado laboral ordinario, pero este ano 2020 non puido ser debido á crise sanitaria. O programa mantívose activo cos talleres prelaborais do centro:

- Taller de cociña
- Taller de lavandería
- Taller de mantemento da casa
- Coidado dos animais
- Horta ecolóxica



Programa de Horta Ecolóxica

O centro A Braña APACAF conta cunha explotación de agricultura ecolóxica con coidado de animais de curral con certificado do CRAEGA (Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia) na que as persoas usuarias desenvolven habilidades pre-laborais. Os produtos que se producen (leitugas, tomates, cebolas, cabazas....) son para o autoconsumo.



Subvencionado por





PROGRAMAS

Programa de Inclusión Social

O programa de inclusión social desenvólvese durante todo o ano con actividades como saídas á cafetería, ir a mercar ou a pasear e a participación en celebracións e actos sociais. No ano 2020 as actividades de inclusión social tiveron que ser canceladas a partir do 16 de marzo tras a declaración do estado de alarma. Ata ese momento realizáronse algunhas actividades.

Outras actividades de inclusión social realizáronse a través das redes sociais, como a conmemoración do Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo ou o Día da Discapacidade.

Visita ao centro Hípico CEMAR en Mondariz e á Exposición LEGO organizada por Familias Azuis (19 de xaneiro 2020)



Día Mundial do Autismo (2 de abril 2020)



Día Mundial das persoas con discapacidade (3 de decembro 2020)





PROGRAMAS DE FORMACIÓN

PROGRAMA DE FORMACIÓN DE FORMADORES:

APACAF ten en funcionamento un programa de formación continua para os seus traballadores. Durante o ano 2020 case a totalidade da formación foi en formato online. Estas foron algunhas das accións formativas que se desenvolveron:

Accións formativas de carácter externo :

- Prevención de Riscos Laborais. Impartida por Tutela Empresas
- Prevención de riscos ante o a situación de risco de contaxio polo COVID-19. SERGAS
- Webinar: "Cómo afrontamos el compliance en el Tercer Sector". Impartida por Word Compliance Assotiation
- Webinar: "Impacto COVID-19 en entidades no lucrativas". Fundación Lealtad e Fundación Delloitte.
- Webinar: Plan de reactivación no ámbito sociosanitario en relación coa infección polo COVID-19. Consellería de Política Social
- Webinar: "Back to work". Fundación Lealtad e Fundación Delloitte
- Seminario web, webinar "Reactivación de centros de día" Consellería de Política Social
- Seminario web, webinar "Reunión informativa para ONG acreditadas". Fundación Lealtad
- Seminario web, webinar "Medidas económicas para entidades de economía social". Consellería de Economía e Algalia
- Seminario web, webinar "Actualización de los Principios de Transparencia y Buenas Prácticas". Fundación Lealtad
- Webinar "Módulo COVID-19 no RUEPSS". Xunta de Galicia
- Programa Integral de Desarrollo Directivo. Confederación Autismo España e Escuela de Organización Industrial (OIE)
- Prevención de riesgos personales y en el trabajo frente al Covid-19. Tutela Empresas

Accións formativas de carácter interno:

- Metodoloxía Teacch (xaneiro 2020)
- Medidas de prevención ante o COVID-19 en centros sociosanitarios (xuño 2020)
- Protocolos de prevención no servizo de respiro e transporte (setembro 2020)



PROGRAMA DE PRÁCTICAS

APACAF ten en funcionamento un Programa de prácticas dirixido a estudantes universitarios das ramas sociais. Todos os anos recibe unha media de 2 ou 3 estudantes que acoden a realizar a súas prácticas. Debido á crise sanitaria no ano 2020 non se recibiron estudantes en prácticas para preservar o illamento das persoas residentes.



PROGRAMA DE VOLUNTARIADO

PROGRAMA DE VOLUNTARIADO

APACAF está inscrita no Rexistro Galego de Entidades de Acción Voluntaria e ten en funcionamento un Programa de Voluntariado dirixido a todas aquelas persoas ou entidades que queiran colaborar con nós. APACAF ofrece a posibilidade de gañar experiencia e formación no sector da diversidade funcional, no coidado do medio ambiente ou en calquera outra que nos queiran propoñer.



Programa de intervención asistida por animais

Dentro do Programa de Voluntariado APACAF conta cun **Programa de Intervención Asistida por Animais**. Durante os primeiros meses do ano 2020 desenvolveuse con normalidade este programa a cargo de **Ana e Tania** e as cadelas **Aya e Gala**. Nas sesións de intervención desenvolveron actividades variadas co obxectivo de promover a mellora nas funcións físicas, sociais, emocionais e cognitivas dos usuarios.

A partir do mes de marzo o programa tivo que ser cancelado tras a declaración do estado de alarma, pero estamos desexando volver a poñelo en funcionamento polos beneficios que proporciona.





IMPACTO COVID-19

A crise sanitaria en APACAF

O impacto do Covid-19 en APACAF foi o seguinte:

- Cancelación do servizo de ocio e tempo libre dende a declaración do estado de alarma
- Cancelación do servizo de centro de día dende a declaración do estado de alarma ata o mes de setembro de 2020
- Confinamento das persoas usuarias do servizo de residencia no centro A Braña:
 - Illamento dos residentes
 - Cancelación de actividades no exterior e das visitas á casa
 - Posta en funcionamento de todos os protocolos sanitarios e de prevención
 - Adecuación das instalacións ás medidas de prevención
 - Adquisición de material sanitario e roupa de traballo
 - Realización de probas diagnósticas

**Non se produciron incidencias relevantes relacionadas co Covid-19.
Ningún residente nin traballador se contaxiou no centro.**



A empresa **GESECO** enviou de forma voluntaria e altruísta aos seus técnicos a desinfectar as instalacións do centro A Braña



Realizáronse varias probas PCR a residentes e traballadores ao longo do ano, sempre con resultado negativo.



IMPACTO COVID-19

O confinamento no centro A Braña

As persoas usuarias do servizo de residencia pasaron o confinamento no centro A Braña. Coas actividades no exterior e as visitas á casa canceladas, dende a entidade tentouse que a súa vida se vira afectada o mínimo posible.

Mantivéronse as actividades terapéuticas do centro con todos os protocolos de prevención activos e tentouse manter a rutina diaria.

A ubicación do centro no rural e a ampla finca permitiron un contacto permanente coa natureza e o mantemento da actividade física dos residentes. Os paseos ao aire libre formaron parte da rutina diaria o que axudou ao seu benestar físico e emocional.



As actividades na natureza convertéronse nas grandes protagonistas: os longos paseos pola finca e o coidado da horta ecolóxica





IMPACTO COVID-19

Un gran equipo profesional

A crise sanitaria serviu tamén para confirmar o gran equipo profesional con que conta APACAF, que co seu labor e traballo a pesar da incertidume, as dificultades, as esixencias establecidas, sacou adiante o servizo dun xeito inmejorable.

Grazas polo esforzo, a implicación e o saber facer



.....E unha gran resposta social

Como pasou en todos os ámbitos, APACAF non estaba preparada para afrontar unha crise sanitaria como a do Covid-19. Houbo que adaptarse ás circunstancias, reorganizar instalacións, traballadores, poñer en funcionamento numerosos protocolos sanitarios, todo para poder proporcionar a maior seguridade posible aos residentes. Os primeiros días foron de confusión e medo, pero afrontáronse coa responsabilidade de dar a mellor atención a persoas vulnerables. O máis difícil de afrontar foi a falta inicial de medios (que co tempo chegaron), pero unha das mellores cousas da pandemia foi a resposta e o recoñecemento social.

Moita xente chamou para preguntar que necesitábamos, en que nos podían axudar. Recibimos doazóns de material sanitario, sobre todo de mascarillas, luvas e pantallas protectoras de familias e veciños. En momentos de dificultade e nerviosismo e antes que chegara a axuda institucional, foron eles os que nos proporcionaron os materiais da tranquilidade.

Dende aquí queremos agradecer a todos a colaboración, sobre todo porque nos fixo sentir que non estabamos solos.



IMPACTO COVID-19

Colaboracións e doazóns recibidas

ENTIDADE/PERSOA	Colaboración ou doazón
Familia C. V.	Material sanitario: luvas, mascarillas, xel hidroalcohólico
Familia R. V.	Material sanitario: mascarillas
M. veciña de Berres	Material sanitario: luvas
Fiandeira A Estrada	Material sanitario: mascarillas de tela
CARLIN A Estrada	Material sanitario: pantallas protectoras
Farmacia Silva (Caldas)	Material sanitario: xeles hidroalcohólicos
Edente Estudio Dental	Material sanitario: pantallas, mascarillas e luvas
Friking.es	60 camisetas
Federación Autimo Galicia (FAG)	Material sanitario: mascarillas
CERMI (A través FAG)	Material sanitario: mascarillas
INDITEX (A través FAG e da Xunta de Galicia)	Material sanitario: batas protectoras de un solo uso




AXUDA INSTITUCIONAL

Concello A Estrada	Material sanitario: mascarillas, pantallas e buzos protectores
Xunta de Galicia (Centro Loxístico das Necesidades de Galicia, CLONEGAL)	Material sanitario e de desinfección: luvas, mascarillas, xeles hidroalcohólicos, desinfectante de superficies. Enviados semanalmente durante todo o ano segundo as necesidades da entidade.




XESTIÓN ECONÓMICA

INGRESOS AÑO 2020




EVOLUCIÓN DOS INGRESOS






GESTIÓN ECONÓMICA

GASTOS AÑO 2020



- Persoal (76%)
- Alimentación (3,9%)
- Mantenimiento (3,4%)
- Alquiler (2,9%)
- Servicios Externos (2,8%)
- Consumos (1,6%)
- Transporte (0,7%)
- Seguros (0,6%)
- Material sanitario (0,2%)
- Otros (2,1%)
- Amortización (5,8%)


EVOLUCIÓN DOS GASTOS





XESTIÓN ECONÓMICA

DISTRIBUCIÓN DOS INGRESOS ANO 2020



As contas anuais son aprobadas en asemblea Xeral de socios. As reunións de xunta directiva e de asemblea de socios do ano 2020 tamén se viron afectadas polo Covid 19 e realizáronse case todas de forma online



A asemblea Xeral do mes de xuño celebrouse no centro A Penagrande




A asemblea Xeral do mes de decembro celebrouse online a través de Zoom




GESTIÓN ECONÓMICA

DISTRIBUCIÓN DOS GASTOS AÑO 2020



Distribución dos gastos por Servicios





COMUNICACIÓN

A comunicación en tempos de coronavirus

APACAF utilizou as súas ferramentas de comunicación para intentar trasladar tranquilidade ás familias e sociedade en xeral, dada a inquietude que existía, amosando que no centro se tentaba manter unha actividade o máis normal posible pero con todas as medidas de prevención.

O confinamento no centro A Braña foi seguido moi de preto polos medios de comunicación locais, que se interesaban continuamente polo estado dos residentes e sobre como nos estaba a afectar a crise sanitaria.



Presenza nos medios en 2020

- 04/01/2020 Faro de Vigo Edición Umia-comarcas: *La ACOE renueva el convenio con APACAF*
- 25/02/2020 Faro de Vigo Edición Umia-comarcas: *El director de Maiores e Persoas con Discapacidade visita las instalaciones de A Braña*
- 25/02/2019. La Voz de Galicia Deza-Tabeirós: *Visita a centros de Berres y A Estrada*
- 01/04/2020. Pontevedra Viva Xornal Dixital: *TEA en estado de alarma, vivir una situación que no se llega a entender*
- 03/04/2020 Faro de Vigo Edición Umia-comarcas: *La residencia de A Braña necesita material sanitario*
- 03/04/2020. La Voz de Galicia Deza-Tabeirós: *El centro A Braña celebra el día del autismo y pide material sanitario*
- 12/04/2020. La Voz de Galicia Deza-Tabeirós: *Hacen test a todos los residentes y al personal del centro de Apacaf en Berres*
- 15/04/2020. La Voz de Galicia Deza-Tabeirós: *Los usuarios y el personal del centro De Apacaf en Berres dan negativo en Coronavirus*
- 15/04/2020. Radio Estrada. *Entrevista sobre o DMCA e impacto da crise sanitaria en APACAF*
- 28/08/2020. La Voz de Galicia Deza-Tabeirós: *Positivo de un trabajador del centro A Braña pero sin contacto con los usuarios*
- 27/09/2020 Faro de Vigo Edición Umia-comarcas: *En la nueva normalidad seis meses después*

Impacto

redes sociais

- 34 publicacións en FaceBook e Twitter
- 30.000 persoas alcanzadas

Resumo

aparicións nos medios

- 10 aparicións na prensa escrita
- 1 entrevista na radio



FUNDACIÓN TUTELAR FUNDITEA

Memoria de actividades Ano 2020

SERVIZO DE CENTRO DE DÍA NO CENTRO A PENAGRANDE

Durante o ano 2020 o servizo de centro de día desenvolveuse con normalidade ata o mes de marzo, cando se cancelou debido á declaración do estado de alarma. Reiniciouse a actividade no mes de setembro con todas as medidas de prevención e sanitarias en funcionamento. As actividades de inclusión social externas foron canceladas, pero mantivéronse as actividades habituais do centro:


- Actividades de autonomía persoal en talleres: formación, informática, logopedia, relaxación, psicomotricidade.
- Actividades de saúde e benestar: psicomotricidade, relaxación, xogos interactivos



Actividades de inclusión social antes da crise sanitaria: excursións pola contorna e festa de Entroido



Celebración do Día da Discapacidade no centro A Penagrande



COLABORADORES

PÚBLICOS



✓ POR SOLIDARIDAD
OTROS FINES DE INTERÉS SOCIAL



PRIVADOS

